

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PIÑOR PARA A INSTALACIÓN DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Piñor o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Piñor para a instalación dunha área de autocaravanas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.





Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O obxecto do presente convenio é a instalación dunha área de autocaravanas no Monte de Cestos, unha zona con abundantes árbores no entorno do núcleo de Cotelas, na parroquia de Barrán. Tamén se atopa próximo aos núcleos de Reda e As Lagoas, por onde pasa a estrada N-525. A área habilitará un espazo para carga e descarga dos depósitos das autocaravanas, que disporá dun lugar de estacionamento, de xeito que se pon en valor turístico ao concello e a zona, co atractivo turístico que implica dotar ao concello dunha área con estas características.

A implantación dunha área de autocaravanas no concello de Piñor resulta acertada posto que se atopa privilexiadamente situado na zona central de Galicia, a uns 23 quilómetros de Ourense e a uns 12 quilómetros do Carballiño, sendo atravesado pola Vía da Prata nun percorrido de 10,18 quilómetros de Camiño de Santiago, nunha ruta de gran beleza tanto paisaxística como artística, ademais da súa importancia histórica como ruta comercial.

Quinto.- Este proxecto supón a posta en valor turístico ao concello e a zona, co atractivo turístico que implica dotar ao concello dunha área con estas características, e co obxecto de promover o turismo as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común, sendo o concello de Piñor a única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Piñor unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados



na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

